

TEMA 8

AS ROCHAS E MINERAIS

AS ROCHAS

As rochas son materiais sólidos que forman os continentes e o fondo dos océanos. As rochas están formadas por minerais.

As rochas poden formase de distintas maneiras, e polo tanto podemos clasificalas en:

a) ROCHAS METAMÓRFICAS: son rochas formadas a partir de alteracións no interior da terra (cambios de temperatura, movementos sísmicos...)

As rochas metamórficas máis destacadas son:

1.- Lousa (pizarra en castellano)

Propiedades:

- Cor escura.
- Formada por láminas superpostas que se poden separar facilmente.
- Emprégase na construción de tellados e encerados para a escola.



2.- Mármore

Propiedades:

- Pode ter distintas cores pero a máis común é a cor branca.
- Formada por cristais de aspecto similar ao azucre que se pode pulir e tallar facilmente.
- Emprégase para a escultura e como material de construción.



b) ROCHAS MAGMÁTICAS: son rochas máis abundantes na codia da terrestre. Están formadas polo arrefriamento e a solidificación do magma do interior da Terra. Estas rochas magmáticas clasifícanse á súa vez en 2 tipos:

1. Rochas volcánicas: rochas formadas pola solidificación do magma que sae á superficie da Terra pola erupción dun volcán. Destaca:

O basalto

Propiedades:

- Cor gris escura ou negra.
-

- Adoita presentarse en bloques de forma regular.
- Emprégase para fabricar lousados para cubrir o chan e para facer grava.



2. Rochas plutónicas: rochas formadas pola solidificación no interior da Terra. Como a solidificación é lenta, fórmanse grandes cristais. Destaca:

O granito

Propiedades:

- Unión de 3 minerais de cristal (cuarzo, feldespato e mica)
- Rocha moi resistente á chuvia e ao vento.
- Emprégase para a construción.




c) **ROCHAS SEDIMENTARIAS:** son rochas formadas a partir de restos de outras rochas ou de seres vivos (sedimentos). Ao longo de moito tempo eses sedimentos compáctanse e forman grandes rochas. Destacan:

1.- Arxila (arcilla en castellano)

Propiedades:

- Pode ser de varias cores, pero a máis pura é branca.
- Mesturada con auga presenta unha gran plasticidade.
- Emprégase para a cerámica e a elaboración de cemento.



2.- Sal xema

Propiedades:

- Cor branca ou incolora e con sabor salgado.
- Adoita atoparse en cristais en forma de cubo.
- Emprégase como condimento e para a fabricación de lixivia.



3.- Carbón

Propiedades:

- Cor marrón ou negra.
- Pode presentar restos vexetais.
- Emprégase como combustible e para a fabricación de metais como o ferro e o aceiro.



OS MINERAIS

Os minerais son materiais que se forman de xeito natural na Terra, e grazas aos minerais fórmanse as rochas. Cada mineral ten unha composición e unhas propiedades características: a cor, a dureza, o brillo...

1.Talco.	2.Yeso	3.Calcita	4.Fluorita	5.Apatito
				
6.Ortoclase	7.Cuarzo	8.Topacio	9.Corindón	10.Diamante
				

APLICACIÓN DOS MINERAIS

Os minerais empréganse para:

- a) **Obter metais:** é o caso da **PIRITA**, da que se obtén o ferro.
- b) **Obter materiais de construción:** é o caso do **YESO**.
- c) **Alimentación:** é o caso da **HALITA**, da cal obtemos o sal.
- d) **Xoiaría:** é o caso do **DIAMANTE**.

AS ROCHAS EN GALICIA

As rochas máis comúns e máis empregadas en Galicia son:

A LOUSA

O GRANITO

A ARXILA

O CARBÓN